

PROGRAMACIÓN INGLÉS

Cuarto

Verónica González Rodríguez

Curso 2022/23

ÍNDICE

A.	INTRODUCCIÓN.	2
A.1.	CONTEXTUALIZACIÓN.	2
B.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.	3
B.1.	CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.	5
C.	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.	6
D.	CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	7
E.	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.	10
F.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.	13
G.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	14
G.1.	CRITERIOS DE CALIFICACIÓN	17
H.	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	18
I.	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.	21
J.	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS.	22
K.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	23
L.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO. ...	25
M.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.	26
N.	MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	27

A. INTRODUCCIÓN.

A presente programación didáctica corresponde ao cuarto curso de Educación Primaria para o ensino da lingua inglesa.

Elaborouse a partir da reflexión teórica sobre as directrices lexislativas baseándose na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e no Real Decreto 686/2014, do 23 de abril, a transformación do sistema educativo, a globalización e o impacto das novas tecnoloxías, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

De igual xeito, incluímos unha proposta de programación e secuencia e temporalización dos contidos adaptable ás necesidades e ás características dos alumnos e que pode ser modificada segundo os ritmos de aprendizaxe dos nenos e nenas ou outras circunstancias que poidan influír no desenvolvemento do ensino.

A.1. CONTEXTUALIZACIÓN.

Contamos con 50 nenos e nenas neste nivel, repartidos en dúas aulas de 25.

B. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Neste curso, o alumnado traballará principalmente a competencia en comunicación lingüística coa que se contribuirá ao desenvolvemento e adquisición da lingua inglesa permitindo aos nenos e nenas expresarse e comprender mensaxes sinxelas. Tamén servirá como introdución ás outras competencias clave que os nenos e nenas necesitan para desenvolverse na sociedade actual:

-Competencia en comunicación lingüística (en adiante LC).

Esta competencia desenvolve o uso da lingua como ferramenta de comunicación. Implica a comprensión de mensaxes orais, a comunicación verbal, a lectura e a escritura. Os xogos e actividades personalizadas motivan ao alumnado para falar dende o principio. A énfase na comprensión das mensaxes orais desenvolverase a través das historias, dos diálogos e cancións, onde os nenos e nenas aprenden a escoitar e extraer información relevante. A habilidade para ler e comprender textos irase introducindo e desenvolvendo sistematicamente a longo do curso.

-Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía (en adiante MST)

Estas competencias desenvolven a habilidade para utilizar números e coñecemento lóxico para resolver problemas e utilizar a ciencia para explicar o mundo natural.

Ofreceráselle ao alumnado abundantes oportunidades para que apliquen o seu pensamento matemático no contexto cotián, como por exemplo: dicir a hora, usar táboas, completar enquisas ou facer secuencias.

-Competencia dixital (en adiante DC).

Esta competencia implica o uso de ordenadores e outra tecnoloxía para a aprendizaxe, a comunicación e o ocio. A través da integración dos recursos dixitais e multimedia, os nenos e nenas desenvolverán a súa confianza no

manexo e funcionamento das novas tecnoloxías na clase de inglés. **Neste curso o alumnado familiarizarase co uso do material interactivo do proxecto GO! e outros recursos que lles facilitará a aprendizaxe, tanto de xeito presencial como non presencial.**

-Aprender a aprender (en adiante LL).

Con esta competencia os nenos e nenas aprenden e tomar conciencia de diferentes formas de organizar e xestionar a súa propia aprendizaxe. A revisión das unidades dadas fomentará o desenvolvemento da responsabilidade nos nenos e nenas que poden reflexionar sobre o seu propio progreso na aprendizaxe da materia. Nas páxinas “ Learning to learn” e “ Learning strategies” do proxecto Go! traballarase moi especificamente para fomentar a conciencia do alumnado sobre o como aprenden.

-Competencias sociais e cívicas (en adiante SCC).

Esta competencia proporciona aos alumnos e alumnas as habilidades necesarias para participar na vida social e cívica. A colaboración e tolerancia desenvolveranse ao longo de todo o curso coa inclusión do traballo por parellas e en grupo. **O alumnado aprenderá sobre hábitos de vida saudable, facendo especial fincapé na hixiene e prevención requerida pola situación debido a COVID-19. Recordarán normas sociais e hixiénicas a través de contos, cancións e role-plays.**

-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor(en adiante IE)

Esta competencia desenvolve as destrezas dos alumnos e alumnas para traballar proactivamente tanto de forma individual como formando parte dun equipo. Ao longo de todo o curso proporanse continuamente actividades ou tarefas nas que terán que usar a súa imaxinación e ser creativos.

Fomentarase o traballo en equipo a través da dinámica “ Cooperative learning” adaptado á nova normalidade (COVID-19) e tamén a

independencia a través da “ *Flipped classroom*”. Estas dinámicas poderán desenvolverse de forma presencial e non presencial.

-Conciencia e expresión cultural (en adiante *CAE*)

Esta competencia desenvólvese a través dun amplo abano de actividades.

En cada unidade, hai un enfoque de cultura específico que amosa aspectos da vida doutros países.

B.1. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Véxase o apartado **D.** deste documento, no se recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia cos perfís competenciais.

C. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

Véxase o apartado **G.** deste documento, no que se especifican todos e cada un dos objetivos(segundo os criterios de avaliación) a conseguir en cada unidade e en cada apartado da mesma.

D. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Estándar de aprendizaxe avaliable	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	CC
Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresión coñecidas en textos orais.	Todo o curso.	Comprende algunha palabra e/ou expresión coñecida nun texto oral.	Observación. Lista de control	CCL
Participa en situacións simuladas de comunicación breves.	Todo o curso.	Fai algunha intervención en situación simuladas, previamente preparadas.	Observación. Rúbrica.	CCL CSC
Pregunta e responde para dar/obter información en interacción cotiás.	Todo o curso.	Responde preguntas traballadas na aula, sobre información básica.	Observación. Lista de control	CCL
Reproduce textos orais sinxelos e breves.	Todo o curso.	Reproduce algunha oración de textos orais breves.	Observación. Rúbrica.	CCL CSC

Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira.	Todo o curso	Amosa interese polo uso da lingua estranxeira.	Observación. Lista de control	CCL CSC
Comprende frases simples escritas.	Todo o curso	Comprende a idea básica dalgunhas frases sinxelas.	Observación. Lista de control	CCL
Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá.	Todo o curso.	Reproduce algunha frase tipo traballada na aula (situación dun obxecto, hora, gustos...)	Observación. Rúbrica.	CCL
Escribe textos sinxelos propios de situacións de relación interpersonal.	Todo o curso	Escribe notas sinxelas.	Observación. Lista de control	CCL
Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	Todo o curso		Observación. Lista de control	CCL CSC
Inicia e remata as interaccións adecuadamente.	Primeiro trimestre	Saúda e se despide.	Observación. Rúbrica.	CCL CAA CSC
Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...	Segundo trimestre	Identifica e di a hora (en cuartos). Sabe preguntar o custo dun ben. Coñece o vocabulario de prendas de vestir básicas.	Observación. Rúbrica.	CCL

Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización.	Primeiro trimestre	Expresa a ubicación dun obxecto empregando preposicións.	Observación. Rúbrica.	CCL CSC
Pregunta e responde sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.	Terceiro trimestre	Pregunta e expresa os seus gustos. Pregunta e expresa sobre as capacidades propias e alleas.	Observación. Rúbrica.	CCL CSC
Estrutura adecuadamente os elementos das oracións.	Todo o curso	Reproduce na orde correcta frases traballadas na aula.	Observación. Lista de control	CCL

E. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

As bases metodolóxicas son as seguintes:

- **O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos;** centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ó que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.
- **A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicarlos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos.
- **As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe;** por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.
- **Os nenos e as nenas aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes;** por iso traballaremos con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día.

Apoiarase aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

- **A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade;** eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino- aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.
- **Considerar o progreso, pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.** O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen

repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrixir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

- **A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** Tómase en conta a situación sanitaria e ofrecense actividades relacionadas coa COVID-19, hixiene, hábitos saudables, ... e outras actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares.

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Empregarase material diverso existente no centro ou elaborado pola mestra: tarxetas de vocabulario, imitacións de material real (menús de restaurantes, ...); material orixinal en lingua inglesa (libros, xornais, xogos de mesa,...), recursos da rede e todo aquilo que se considere oportuno segundo as necesidades do alumnado.

G. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o cuarto curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira están organizados en cinco seccións principais: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia intercultural, e son os seguintes:

Bloque 1. Comprensión de textos orais

- B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.
- B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto.
- B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

- B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then).

- B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
- B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.
- B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.
- B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.

Bloque 4. Producción de textos escritos.

- B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida
- B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.

- B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.

- B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural

- B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. ▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. ▪ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos. ▪ B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. ▪ B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.

- B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.

- B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.

- B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

- B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.

- B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).

- B5.10. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.

- B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.
- B5.12. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).)
- B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.

G.1. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

ASPECTOS VALORADOS		
CONTIDOS E COMPETENCIAS	Comprensión Oral	20%
	Expresión Oral	20%
	Comprensión lectora	15%
	Expresión escrita	15%
OBSERVACIÓN DIRECTA -Actitude -Esforzo -Traballo diario -Participación		30%

H. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			
	NON ACADADO	BÁSICO	COMPETENTE	EXCELENTE
-Organización da aula. -Programación e preparación das clases -Actividade docente. -Atención á diversidade. -Avaliación. -Organización e funcionamento do centro. -Clima da aula e relacións.	Escasa e nula constancia. Necesita un mellora sustancial.	Omítense elementos fundamentais do indicador establecido.	Evidénciase un cumprimento suficiente do indicador establecido	Evidénciase prácticas excepcionais e exemplarizantes.

ELEMENTOS A AVALIAR

⇒ ORGANIZACIÓN DA AULA

- Disposición flexible das mesas.
- Traballo individual ou en grupo.
- Grupos fixos e móbiles
- Decoración e ambientación das aulas.
- Ubicación idónea dos recursos.
- A organización favorece a autonomía do alumnado.

⇒ PROGRAMACIÓN E PREPARACIÓN DAS CLASES.

- Conexión coas programacións curriculares do Proxecto Educativo.
- Adecuación de obxetivos e contidos ás características do alumnado.
- Axuste das actividades.

- Actividades de reforzo, desenvolvemento e ampliación.
- Recursos e materiais programados.
- Atención á diversidade (idiomáticos, altas capacidades, TDAH,...)
- Elaboración coordinada da programación.
- Inclusión de temas transversais
- Inclusión de actividades interculturais.
- Inclusión de actividades de igualdade de xénero.

⇒ ACTIVIDAD DOCENTE

- Estratexias para a motivación.
- Conexión con coñecemento previos.
- Funcionalidade da aprendizaxe e relación con situación e problemas reais.
- Emprego de técnicas metodolóxicas variadas.: expositiva, investigadora...
- Globalización de diferentes áreas.
- Aproveitamento de recursos da contorna
- Emprego de medios técnicos/audiovisuais
- Uso da biblioteca do Centro
- Variedade das actividades propostas.
- Interés educativo das actividades extraescolares e complementarias.
- Salidas á contorna

⇒ ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Uso diversificado de materiais, espazos, tempos, agrupamentos...
- Emprego de estratexias metodolóxicas
- Eficacia de las ACIs..

⇒ AVALIACIÓN

- Detección dos coñecementos previos (Evaluación inicial)
- Instrumentos de avaliación empregados.
- Avaliación das competencias básicas.
- Uso inmediato de datos recollidos para axustar a axuda ao alumnado.

- Emprego da autoevaluación do alumnado.
- Pertinencia dos criterios e indicadores de avaliación empregados.

⇒ ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO DO CENTRO

- Participación e compromiso co plan de formación do Centro.
- Aportacións ás coordinacións.
- Organización e participación nas actividades colectivas.

⇒ CLIMA DA AULA E RELACIÓNS

- Relación afectiva docente/alumnado.
- Clima distendido e de confianza.
- Interés e orden en el aula.
- Participación do alumnado.
- Uso de técnicas/programas específicos para modificar conductas negativas.
- Uso de reforzos positivos.

I. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Neste nivel non hai alumnado que teña pendente de cursos anteriores a materia de inglés.

No caso de alumnado que presente dificultades para acadar o nivel do curso, ambas mestras intentaremos facer un plan de reforzo canto antes, para poder compensar a situación durante o curso, de xeito que o resultado final sexa satisfactorio.

J. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.

Este curso iniciarase cunha proposta do Equipo de Inglés chamada “Talk like a Pirate Day”, co cal aproveitaremos dita dinámica para levar a cabo a avaliación inicial do alumnado de xeito oral mediante xogos nos que deban empregar vocabulario e estruturas xa coñecidas e traballadas en cursos anteriores.

En base aos resultados obtidos coa observación directa de ditas actividades, veremos que alumnado precisa reforzar contidos anteriores e cal ten un amplo dominio da mesma e podería ser susceptible de precisar material de ampliación.

K. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, haberá que modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diferente ás actividades propostas no libro do alumno . Escollerase a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras, e haberá que ser conscientes en todo momento destas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ofreceranse actividades de reforzo e extensión que permitan dar unha atención individualizada ós alumnos segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe.

Critérios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais

As adaptacións se centrarán en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Metodoloxía máis personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.

6. Enriquecemento curricular.

7. Avaliacións adoptadas para as necesidades destes alumnos:

- a) **Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitirlles alcanzar o seu máximo potencial.
- b) **Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo:** adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seus estudos.
- c) **Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou nos materiais considerados como tales.

L. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

A materia de inglés, ao ser unha lingua, danos unha flexibilidade maior que outras materias á hora de traballar contidos de todo tipo e abordar unha ampla temática.

Entre outros, trataremos os seguintes temas: coidado do medio ambiente, igualdade de xénero, non discriminación por ningún tipo de condición, bo trato, etc. En xeral, todos os criterios de desenvolvemento sostible.

M.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.

Segundo o acordado na reunión do Equipo de Inglés do centro, as actividades complementarias a traballar no presente curso serán as seguintes:

- “International Talk like a pirate Day “, o 30 de setembro.
- Halloween, o venres 28 de outubro.
- Christmas, no mes de decembro.
- Carnival, no mes de febreiro.
- “Easter”, o venres 31 de marzo.
- English Week, a finais de maio ou principios de xuño.

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Dende unha perspectiva ampla, a avaliación da propia programación podería presentar tres momentos diferenciados:

- a. A comprobación de que a planificación se fixo correctamente e se se concretaron as unidades de programación con todos os elementos curriculares prescriptivos incluídos.
- b. O segundo momento alude á reorientación continua derivada da aplicación na aula da programación didáctica. En coordinación co equipo didáctico, e dentro dos órganos de coordinación docente, analizarase a adecuación da programación didáctica ao contexto específico do grupo-clase. A partir de dita análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren oportunas. As opinións do alumnado a través das autoevaluacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso ensino- aprendizaxe.
- c. Por último, tras a aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva completárase cos resultados das avaliacións interna e externa do alumnado.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Organizouse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación ás distintas unidades de programación.
- Definíronse os indicadores de logro vinculados ós estándares de aprendizaxe.
- Determináronse os estándares de aprendizaxe imprescindibles non acadados no curso anterior.

- Diseñouse unha avaliación inicial e definíronse as consecuencias dos seus resultados.
- Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos.
- Definíronse programas de apoio, reforzó, recuperación, ampliación propostas polo alumnado.
- Considéranse medidas para incorporar as TIC nos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Contempláronse os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.
- Identifícase en cada instrumento de avaliación a súa vinculación cos estándares de aprendizaxe
- Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados.
- Identificación das medidas complementarias que se plantexan para o tratamento da área dentro do Proxecto plurilingüe.
- Actividades extraescolares e complementarias.

Plan de mellora.

Tras o proceso de autoevaluación, definirase un plan de mellora vinculado aos indicadores que obtiveran puntuación máis baixas no instrumento de avaliación, co que se persiga mellorar os resultados académicos do alumnado.